



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

BASES QUE REXERÁN AS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DURANTE O CURSO 2024/25

1. Modalidades, lugares e idades

A. Esteiro (Pavillón Xosé Lago)

MODALIDADE	ANO DE NACEMENTO
Bádminton	2017 ata o 2008
Baloncesto	2018 ata o 2008
Fútbol sala	2018 ata o 2008
Patinaxe	2020 ata o 2008
Ximnasia mantemento/body tónico	2008 e anos anteriores

B. Muros (Pavillón de Miraflores)

MODALIDADE	ANO DE NACEMENTO
Actividades predeportivas	2020 e 2019
Baloncesto	2018 ata 2008
Fútbol sala	2018 ata 2008
Patinaxe	2020 ata 2008
Ximnasia de mantemento	2008 e anteriores
Iniciación ao xadrez	2018 ata 2008

C. Louro

MODALIDADE	ANO DE NACEMENTO
Ximnasia de mantemento	2008 e anteriores

D. Abelleira

MODALIDADE	ANO DE NACEMENTO
Ximnasia de mantemento	2008 e anteriores

2. Prazos do procedemento

PROCEDEMENTO	DATAS
Preinscrición	Do 2 de setembro ata as 14.00 h do 12 de setembro
Publicación dos horarios	13 de setembro
Matriculación	Do 16 ao 20 de setembro
Inicio das actividades	30 de setembro



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

PROCEDEMENTO	DATAS
Prazas vacantes	Do 7 ao 11 de outubro

3. Horarios

Cada escola deportiva consistirá nunha única sesión semanal. Con todo, existen excepcións para as seguintes modalidades:

- As escolas deportivas, "Ximnasia de mantemento en Muros (Pavillón de Miraflores) e Ximnasia de mantemento/Body Tónico en Esteiro, (Pavillón Xosé Lago)" contarán con 2 sesións semanais ao realizarse en instalacións propiamente deportivas.

Con isto, as persoas que participen nas actividades de ximnasia de mantemento en Louro e Abeleira poderán dispoñer dunha hora adicional en calquera das instalacións propiamente deportivas, "Ximnasia de mantemento en Muros (Pavillón de Miraflores) ou ximnasia de mantemento/Body Tónico en Esteiro (Pavillón Xosé Lago), sempre previa comunicación ao Concello de Muros.

Os horarios faranse públicos o 13 de setembro. Estarán expostos nos taboleiros dos pavillóns, no Centro Cultural e Xuvenil de Muros, na páxina web do Concello de Muros, www.muros.gal. e na sede electrónica municipal, sede.muros.gal

Para a consulta telefónica dos horarios habíllanse os seguintes teléfonos:

- 682 212 336 (pavillón de Miraflores)
- 981 762 294 (Centro Cultural e Xuvenil de Muros)

4. Prazas

A. Esteiro (Pavillón Xosé Lago)

O número de prazas para cada modalidade e lugar establécese da seguinte maneira:

MODALIDADE	PAZAS
Bádminton	Sen límite
Baloncesto	Sen límite
Fútbol sala	Sen límite
Patinaxe	Sen límite
Ximnasia mantemento/body tónico	Sen límite

B. Muros (Pavillón de Miraflores)

MODALIDADE	PAZAS
Actividades predeportivas	Sen límite
Baloncesto	Sen límite



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

MODALIDADE	PRAZAS
Fútbol sala	Sen límite
Patinaxe	Sen límite
Ximnasia de mantemento	Sen límite
Iniciación ao xadrez	Sen límite

C. Louro

MODALIDADE	PRAZAS
Ximnasia de mantemento	20

D. Abelleira

MODALIDADE	PRAZAS
Ximnasia de mantemento	20

A adxudicación das prazas pode ser:

- Directa, no caso de que a demanda non supere o número de prazas dispoñibles en cada modalidade.
- Por sorteo, no suposto de que o número de solicitudes supere o número de prazas dispoñibles en cada modalidade.

Será necesario un número mínimo de 6 persoas para a constitución de cada escola deportiva.

5. Preinscrición: Do 2 de setembro ata as 14.00 h do 12 de setembro

É persoal e intransferible. A preinscrición farase nas oficinas do Centro Cultural e Xuvenil de Muros, por medio da sede electrónica do Concello de Muros ou cubrindo o seguinte formulario, do 2 de setembro ata as 14.00 h do 12 de setembro:

- Formulario de inscrición: <https://forms.gle/9jYEXphTRYXbVBs7>

No caso de rexistrar para a mesma persoa máis dunha solicitude, só se terá en conta a última, anulando con esta todas as feitas con anterioridade.

6. Matrícula: Do 16 ao 20 de setembro

É persoal e intransferible. Deberase facer unha vez comprobada: a adxudicación da praza, os horarios das escolas e do/s grupo/s no que a persoa interesada solicitou a preinscrición.

O alumnado deberá aboar a cota de participación no número de conta establecido por parte do Concello de Muros.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

O período de matrícula establécese do 16 ao 20 de setembro (ambos incluídos).

7. Cota

A cota de participación será de 30,00 € anuais e deberase aboar no período de matrícula.

8. Inicio das actividades: 30 de setembro

As escolas deportivas constituídas darán comezo a partir do 30 de setembro (luns) en función do día que lle corresponda a cada actividade.

9. Prazas vacantes: do 7 ao 11 de outubro

A concellaría de Deportes publicará na web a lista de prazas que puideran quedar libres en cada modalidade e lugar despois de resolver esta convocatoria. No caso de que existiran prazas vacantes abrirase un período do 7 ao 11 de outubro.

10. Datos

As escolas deportivas impartiranse dende o 30/09/2024 ata o 30/05/2025.

11. Requisitos

A. Para poder asistir ás escolas deportivas é preciso:

- Nacer nalgún dos anos correspondentes ás diferentes quendas.
- Non padecer ningunha enfermidade que lle impida practicar deporte.

B. O pai, a nai ou titor/a deberá cumprimentar a pertinente autorización de participación nos cursos.

12. Control de asistencia

No caso de que se chegue ao 50% de faltas de asistencia nas escolas que houbera reserva, o alumnado podería causar baixa na actividade, sen dereito á devolución da cota.

13. Outros

Se houbera a suficiente demanda para constituír outra escola deportiva que non se recolle nestas bases, estudarase a posibilidade de poder incluíla.



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1
15250 Muros
A Coruña
Tfno.: 981 826 050
correo@muros.gal
www.muros.gal

Calquera circunstancia que non apareza nestas bases será tratada de maneira individual, previa solicitude da persoa interesada, así como calquera circunstancia de carácter especial que se puidera producir.

14. Tratamento de datos

De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais LOPDGD, infórmase que os datos de carácter persoal facilitados a través desta convocatoria, así como a documentación achegada, serán incorporados a correspondente ao departamento deportes coa finalidade de xestionar a mesma.

Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades como Órganos da Administración do Estado, a Órganos da Comunidade Autónoma, a outros Órganos da Administración Local para levar a cabo a xestión administrativa que vostede nos solicita. Esta instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art. 6.1 c) “o tratamento é necesario para o cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento” e no art.6.1 e) do RXP: “en cumprimento da misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos” conferidos a este Concello. Os datos persoais que nos proporciona mediante esta convocatoria conservaranse durante o prazo necesario para a fin para a que foron recollidos ou, no seu caso, para o cumprimento das obrigaóns legais que deriven do mesmo.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na lei, mediante comunicación escrita dirixida ao responsable do tratamento: Concello de Muros en Curro da Praza, 1, 15250 Muros (A Coruña) ou remitindo un correo a dpd@muros.gal. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@muros.gal ou consultando a política de privacidade na páxina web municipal <http://muros.gal/politica-de-privacidade/>